

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AUTORIZA DE FORMA EXCEPCIONAL A AMPLIACIÓN DO NÚMERO DE CORDAS DE ENGorde DE MEXILLÓN NO DISTRITO DE MUROS POLÍGONOS "A", "B", "C" E NO DISTRITO DE NOIA POLÍGONO "A".

ANTECEDENTES

1. O 5 de setembro de 2022 a ORGANIZACIÓN DE PRODUCTORES DE MEJILLÓN DE GALICIA (OPMEGA), solicitou a Dirección de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a ampliación de 100 cordas de engorde de mexillón nos viveiros do Distrito Muros, polígonos A, B, C e do Distrito de Noia, polígono A, dadas as circunstancias excepcionais ocasionadas polo fenómeno medioambiental do fitoplancto tóxico que impide levar a cabo o ciclo normal de cultivo nesta campaña.

2. Con data do 20 de setembro de 2022 o director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica emitiu informe no que, visto o informe do 7 de setembro do 2022 elaborado polo INTECMAR sobre as previsións de evolución dos episodios tóxicos nos viveiros dos citados polígonos e consultada a situación actual dos mesmos na páxina do INTECMAR, **non observa inconveniente** a que se resolva a solicitude coa ampliación de 100 cordas de engorde sobre as legalmente autorizadas nos viveiros do Distrito Muros, polígonos A, B, C e do Distrito de Noia, polígono A, que a data de hoxe atópanse pechados.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 35 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños de Galicia, modificado polo Decreto 174/2002 do 2 de maio establece que: *"Cando nun período determinado se presenten de modo persistente e continuado fenómenos medioambientais excepcionais, tales como fortes temporais ou episodios de fitoplancto tóxico, que impidan levar a cabo o ciclo normal de produción ou repercutan gravemente no de comercialización, a delegación territorial, dentro do ámbito da súa competencia, poderá autorizar por resolución motivada o incremento do número de cordas de engorda en determinados polígonos con carácter temporal, logo de petición da maioría de entidades representativas do sector e informe da correspondente unidade técnica administrativa. A autorización cesará nos seus efectos cando fundadamente se estime que desapareceron as especiais condicións determinantes da medida."*





2. Con data do 20 de setembro de 2022 o director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica emitiu informe respecto da solicitude relacionada nos antecedentes desta resolución, no que deixa constancia de que non atopa inconveniente a admisión da ampliación no número de cordas de engorde solicitada.

3. De acordo co citado artigo 35 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños de Galicia, modificado polo Decreto 174/2002 do 2 de maio, a competencia para ditar a presente resolución correspóndelle á xefa territorial da Consellería do Mar na Coruña.

En base ao exposto,

RESOLVO

1. **Autorizar** a ampliación de 100 cordas de engorde de mexillón nos viveiros do Distrito Muros, polígonos A, B, C e do Distrito de Noia, polígono A, de acordo co establecido no artigo 35 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro.

A dita autorización queda suxeita ás seguintes condicións:

Primeira. O número máximo de cordas de engorde por batea en ningún caso poderá superar o número de 600.

Segunda. Esta autorización para o aumento de cordas de engorde cesará nos seus efectos cando o INTECMAR dite resolución de autorización de extracción para as especies e zonas citadas, dispoñendo os titulares dos viveiros de un (1) mes a contar dende a data de sinatura da citada resolución de autorización de extracción do INTECMAR para volver ao número máximo de cordas de engorde previsto na normativa vixente.

2. Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A Coruña

A xefa territorial da Coruña

